

Celebrado o primeiro Certame de Narrativa e Poesía "MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ" e ó sair á rúa a publicación das obras premiadas, sente o noso Concello a ledicia que ten aquel que fai posible avivecer o pensamento e a obra de quen dá nome a este Concurso. Personaxe que deixou dabondo pagado coa súa obra, e en especial en quen tivo a sorte de coñecelo e compartir con el moitas horas de edificante conversa cheas de fondo sentir, de grande espiritualidade e amosando o seu profundo amor pola nosa terra, polas nosas xentes.

Como xa decía, co gallo do seu nomeamento de "Fillo Predilecto de Paradela", o catro de novembro de mil novecentos noventa, Manuel Orestes vive para sempre entre nós, pois acadou a inmortalidade coa súa labor. Aquí está a confirmación do dito: un lustro despois, gracias ás súas inquedanzas e recollendo a súa testemuña, é posible continuar co seu ideario, permitíndonos a nós, responsables do Goberno Municipal, desenvolver unha labor de apoio ó feito cultural da nosa terra, á vez que concede a oportunidade a todos aqueles que coma Manuel Orestes, teñen a grandeza de ser mestres da sociedade e gozan da sensibilidade necesaria para espertar a espiritualidade de cadaquén, convertíndoa na alma do pobo, que é a súa cultura.

Non se podía postergar por máis tempo a manifestación do sentir de agradecemento do pobo de Paradela hacia a persoa e a obra do noso Fillo Predilecto, Manuel Orestes, á vez que nos viamos na necesidade de otorgarlle, por fin, un recoñecemento público xenerosamente merecido, e coidamos que é a nosa obriga transmitir ás xeneracións futuras as ensinanzas recibidas de tan insigne personaxe.

Así naceu o PREMIO LITERARIO MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ, que en mil novecentos noventa e cinco acadou o seu primeiro certame, quedando gratamente sorprendidos pola alta participación acadada e pola calidade das obras presentadas, a pesar da súa escasa divulgación e da nosa inexperiencia neste eido.

Dende estas páxinas expresamos a nosa gratitude a tódolos participantes, e felicitamos ós gañadores: D. AGUSTIN HERMIDA CASTRO, gañador en Poesía coa súa obra "ENTREGADO JOC PARTIT CREPUSCULAR" e a D<sup>a</sup> BEATRIZ PIÑEIRO CALVO, gañadora en Narrativa coa súa obra "EL GATO QUE SE CONVIRTIO EN MOSCA".

Agradecemos, igualmente, a participación dos Membros do Xurado, pola dedicación que nos mostraron e a paciencia que tiveron que ter con nós como principiantes que eramos.

Tan só nos resta invitar a participar no Segundo Certame do Premio Literario que se convocará a primeiros de setembro, a todos aqueles, que coma nós, sintan inquedanzas literarias, animándoos a non desfalecer na súa labor creativa cultural.

En Paradela, a dez de xullo de 1996.

O ALCALDE